



softic

Consultora en TIC

www.softic.es

Plataforma de aprendizaxe e control do alumnado

B2 – Desenvolvementos Centrados no cidadán

Expediente: PR520A_2010_554

Memoria pública do proxecto



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Índice de contido

1 Presentación da empresa.....	3
2 Traballos realizados.....	4
3 Resultados do proxecto: Plataforma de aprendizaxe e control do alumnado.....	6
3.1 Funcionalidade da plataforma.....	6
3.2 Código Fonte e Documentación.....	8

1 Presentación da empresa

Softic -Advanced Systems Puntobit, S.L.- pertence ó grupo de empresas “Grupo Isonor” e está organizada internamente en 3 departamentos: Enxeñería do software, deseño gráfico e consultaría.

As función principais son:

- Implantación de software de xestión para diversas áreas.
- Prestación de servizos integrais de informática e comunicacións para empresas públicas e privadas.
- Servizos de diagnóstico empresarial e deseño e implantación de solución sobre as tecnoloxías da información e comunicación.
- Servizos de investigación e desenvolvemento de procesos de innovación tecnolóxica con solucións técnicas hardware e software.
- Estudos de fomento da cultura científica tecnolóxica e avaliación do comportamento de novos produtos ou novas liñas tecnolóxicas.
- Servizos de consultoría sobre a protección dos datos de carácter persoal. Solucións de hardware e software para o control de acceso ós datos.
- Servizo de enxeñería do software e comercio electrónico.
- Servizo de mantemento das tecnoloxías da información e comunicación.

2 Traballos realizados

2.1.1 Definición dos requisitos

Documento do plan de calidade, especifica os obxectivos de calidade, selecciona as estratexias para asegurar que esos obxectivo se cumpren e establece a planificación a levar a cabo.

Documento da especificación dos requisitos do software, que definirá o sistema a desenrolar. As decisións tomadas basearanse na información da proposta do proxecto e das necesidades do usuario recollidas. Fixaranse o requisitos que deben ser satisfeitos polo deseño do sistema.

2.1.2 Análise e deseño

Documento do deseño, que describirá o sistema que satisfaga os requisitos. As decisións tomadas nesta fase, baseándose nas necesidades e no entendemento das tecnoloxías dispoñibles.

2.1.3 Implementación e probas unitarias

Documento da implementación, describe como funciona o sistema, os algoritmos desenrolados, as dependencias derivadas da tecnoloxía e cuestións de funcionalidade. O obxectivo é proporcionar información necesaria pra o entendemento, manexo e solución de problemas do sistema a través do seu funcionamento.

Documento de probas unitarias, recollerá o conxunto de casos de proba cos seus contidos. Organizaranse os devanditos casos por prioridade, área funcional, obxecto do negocio ou versión. Recolleranse á súa vez as probas adicionais que foran necesarias durante a implementación das partes.

2.1.4 Integración e probas do sistema

Documento de integración e probas, especificarase as tarefas realizadas para unir cada unha das partes nunha unidade única do sistema, recollendo os resultados

Liña B - Desenvolvementos centrados no cidadán

de funcionamento entre as distintas partes e os casos de proba realizados sobre o sistema final para a comprobación do funcionamento do sistema global.

2.1.5 Posta en marcha e documentación

Documento de instalación e guía de comezo rápido, Describirá como instalalo sistema e a forma de poder comezar o uso dunha maneira sinxela e rápida.

Guías de usuario, detallarase cada unha das sección do sistema, especificando todas e cada unha das súas funcionalidades, contidos do sistema... Son os documentos dos usuarios finais. Distinguiranse tres tipos, como son: a guía do desenrolador, a guía do administrador e a guía propiamente dita de usuario final.

3 Resultados do proxecto: Plataforma de aprendizaxe e control do alumnado

A plataforma de formación en liña permite aos usuarios editores desenvolver cursos mediante a creación de páxinas html con textos e imaxes formateadas, documentos adxuntos, así como formularios de avaliación sobre a devandita formación.

Coma novidade importante respecto a outros sistemas de formación en liña apórtanse os módulos de xestión de matriculas e o de xeración de diplomas.

3.1 Funcionalidade Da Plataforma

As principais funcionalidades da plataforma son:

3.1.1 Matrículas

Dende o menú de matrículas podese listar e editar as novas matriculas de alumnos.

Unha matrícula de alumno pode ser:

- Solicitude de matrícula: O alumno interesouse en realizar un curso, pero por a razón que sexa todavía non está inscrito en ningún curso. As razóns poden ser que o curso non comezase, que estexa pendente de algún trámite...
- Matriculado: O alumno está inscrito nun curso, pero todavía non se matriculou.
- Titulado: O alumno rematou o curso con aproveitamento.

Ademáis do estado, no caso de que se cancele unha matrícula, esta debe gardarse no campo "Matrícula anulada" indicando quen a anulou o os motivos da anulación. Isto permite saber en que estado estaba a matrícula antes de ser anulada.

3.1.1.1 Nova matrícula

Para a creación de unha matrícula requirense os datos habituais de alumno: Nome de usuario, contrasinal, dni, nome, apelido, email, cidade, país...

A creación dunha nova matrícula pódese facer dende o menú listado, seleccionado o enlace "Nova matrícula".

3.1.1.2 Listado de matrículas

Dende o menú de listado de matriculas pódese acceder a:

- Lista de matriculas de alumnos na que se pode ver directamente:
 - Nome e apelido do alumno
 - Email
 - Estado da matrícula
 - Anulada (Si ou non)
 - Curso: Curso que se solicitou/inscribiu
 - Controles para editar e borrar a matricula concreta
- Filtro de matriculas: Permite buscar as matriculas por varios criterios. O filtro está dispoñible en dúas modalidades

3.1.2 Xestión académica

Esta composto polos contidos, entendendo como tal ademais dos contidos propios dos cursos impartidos, os referentes aos programas académicos, recursos multimedia, ...

3.1.2.1 Xestión de comunicacións

Xestión dos foros de debate, chat, tablón de noticias, contidos multimedia, ...

3.1.2.2 A xestión de avaliacións

Xestiona tanto as avaliacións periódicas coma os traballos avaliados polo profesor correspondente ou a corrección automática dos exercicios interactivos, exames, ... así mesmo xerará os pertinentes informes de seguimento, as cualificacións emitidas polos profesores...

3.1.2.3 Xestión de usuarios e seguridade

Encargarase dos accesos á plataforma así coma dos accesos e permisos específicos de cada usuario (alumnos, profesores e administradores) dentro dos cursos da plataforma.

3.2 Código Fonte E Documentación

O código fonte a documentación xerada no proxecto están publicados na web do solicitante, na URL: <http://www.softic.es/proxecto-formacion>